

## Incapacidade temporal

### Definición:

Terán a consideración de situación determinantes de incapacidade temporal:

As debidas a enfermidade común ou profesional e a accidente, sexa ou non de traballo, mentres o traballador reciba asistencia sanitaria da Seguridade Social e estea impedido para o traballo, cunha duración máxima de doce meses, prorrogables por outros seis cando se presuma que durante eles a traballadora ou traballador poida ser dado de alta médica por curación.<sup>1</sup>

### Duración:


Máximo de doce meses, prorrogables polo INSS a través dos seus equipos de valoración de incapacidades (EVI). Pasado o prazo máximo, o EVI poderá:

- recoñecer a situación de prórroga expresa cun límite de seis meses máis;
- determinar a iniciación dun expediente de incapacidade permanente, ou ben
- emitir a alta médica.

Cando a situación de incapacidade temporal se extinga por ter transcorrido o prazo de dezoito meses, examínase por forza no prazo máximo de tres meses o estado do incapacitado, para os efectos da súa cualificación no grao de incapacidade permanente que corresponda.

Con todo, naqueles casos en que continúe a necesidade de tratamento médico pola expectativa de recuperación ou a mellora do estado do traballador, con vistas á súa reincorporación laboral, e a situación clínica do interesado ou interesada fíxese aconsellable demorar a citada cualificación, esta poderá atrasarse polo tempo preciso, que **en ningún caso ha superar os vinte e catro meses seguintes á data en que se iniciara a incapacidade temporal.**<sup>2</sup>

Para os períodos de observación por enfermidade profesional nos que se prescriba a baixa no traballo, a duración máxima é de seis meses, prorrogables por outros seis cando se estime necesario para o estudo e diagnóstico da enfermidade.<sup>3</sup>



1 Apartado 1 a do artigo 128 LXSS (Lei xeral da Seguridade Social)

2 Apartado 2 do artigo 131 bis LXSS

3 Apartado 1 b do artigo 128 LXSS

## Resolución:


O Instituto Nacional da Seguridade Social, a través do EVI, será o único competente para conceder prórroga, determinar a iniciación dun expediente de incapacidade permanente, emitir a alta médica ou ben emitir unha nova baixa médica, cando aquela se produza nun prazo de seis meses logo da devandita alta médica, pola mesma ou similar patoloxía.\*

Nos casos que o EVI resolva dar a alta médica, o interesado poderá manifestar, fronte á resolución, no prazo máximo de catro días naturais, a súa non conformidade ante a inspección; esta, de discrepar, terá a facultade de propor, no prazo máximo de sete días naturais, a reconsideración da decisión, especificando as razóns e fundamento da súa discrepancia\*.

Se a inspección médica se pronunciase confirmando a decisión do EVI ou se non se producise pronunciamento ningún no prazo dos once días naturais seguintes á data da resolución, adquirirá plenos efectos a mencionada alta médica. Durante o período transcorrido entre a data da alta médica e aquela na que esta adquira plenos efectos, considerarase prorrogada a situación de incapacidade temporal.\*

Se, no aludido prazo máximo, a inspección médica manifestase a súa discrepancia coa resolución do EVI, este pronunciarase expresamente no transcurso dos sete días naturais seguintes, notificándolles a correspondente resolución ao interesado e mais á inspección médica.

Se o EVI, en función da proposta formulada, reconsiderase a alta médica, recoñeceráselle á persoa interesada a prórroga da súa situación de incapacidade temporal para todos os efectos. Se, pola contra, se reafirmase na súa decisión —para o que achegará as probas complementarias que a fundamenten—, só se prorrogará a situación de incapacidade temporal ata a data da última resolución.



\* Apartado 1 a do artigo 128 LXSS